

CULTURACTIVA

Gala de Circo

A COMPAÑÍA

Culturactiva SCG non só é unha distribuidora, senón que tamén traballa como compañía e produtora, tanto unindo diversas propostas artísticas en novos formatos e programacións, coma creando novas producións e formatos, ou achegando un completo programa de actividades ás rúas, prazas e teatros de todo o mundo.

Culturactiva ten como compañía diferentes formatos circenses como A Gala de Circo, o combinado de circo e aéreo Pistactiva e outras propostas creadas para eventos concretos.

O ESPECTÁCULO

A *Gala de Circo na Rúa RÚ@CTIVA*, de grande formato, conta sempre coa participación de tres compañías, un/ha presentador/a e unha banda de música ao vivo nun espectáculo para todos os públicos, de 100 minutos de duración, co mellor do noso novo circo.

Contamos coa presenza das compañías máis representativas do momento, unha banda que interpreta música en directo e un/ha presentador/a, mestre/a de cerimoniais que dá paso a unha grande variedade de espectáculos e números circenses.

A interacción entre as tres compañías participantes, a participación do público, a variedade de técnicas artísticas, as espectaculars acrobacias aéreas, o encanto da música en directo, a presenza dun/ha presentador/a como nexo do espectáculo e toda a maxia e ilusión do circo son eixos e os maiores atractivos desta *Gala de Circo na Rúa*. Sen dúbida, un dos mellores espectáculos de rúa de Galicia.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Un/ha presentador/a, tres compañías e un grupo de música en directo

Xéneros: circo

Duración: 100 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)